

## Algúns datos do Catastro do Marqués da Ensenada

Pódese decir que este é o primeiro Catastro completo feito en España, e foi feito polo famoso ministro do Rei Carlos II, o Marqués de la Ensenada. Tal documentación ten como finalidade a fiscalización de tódolos bens co obxecto de pagar as contribucións precisas ao Estado. Esta documentación comprende cinco seccións: 1º. Interrogatorio Xeral, feito polos comisionados, a algúns veciños da parroquia; 2º. Persoal de Clérigos; 3º. Persoal de leigos, onde se enumeran as persoas existentes na parroquia; 4º. Real de clérigos; e 5º Real de leigos, onde se enumeran os bens que posuía cada familia.

O interrogatorio e catastro fíxose no Buriz entre os días 14 de xullo e o 20 de setembro de 1752. O Delegado Rexio foi D. Andrés de la Torre. E os peritos e informantes foron: Andrés Rodríguez, veciño do barrio de Teitolongo, Pedro Jove da casa de Rosende, Xosé de Jove, do barrio de Bostelo, Vicente Teijido de Xestoselo e Felipe de Rosende, veciño do Portelo. Todos eles xuraron dicir a verdade diante do párroco D. Antonio Cortés, reunidos na casa rectoral de A Graña.

Das súas declacións recollemos algúns datos xerais:

A) Din que a fegresía é do señorío temporal do Imperial Mosteiro de Santa María de Monfero. Quen percibe, á morte de cada cabo de casa, a mellor res de gando maior por dereito de lutuosa e a mellor peza de roupa por dereito de funeral. O valor de todo isto será de 200 reais de vellón.

B) Sinalan que os límites da parroquia van dende o marco de Vilasilvestre á Silvela, e dende alí a mámoa de Saa. De Saa ao Marco da Loba, dende alí á Pena do Toxo, de alí a Pena de Amido, desta á Pena do Marco, dende alí vai ao Porto de Lea, alí ao da Picada, deste ao Marco das Pedras a de alí ao referido Marco de Vilasilvestre.

C) Ao punto seguinte din que as especies que se achan dentro do terreo do referido termo son terras de sementeira de seco, hortalizas, prados de regadío e de sécano, montes rasos pechados e abertos. As referidas terras de sementeira, as de primeira calidade producen, sen interrupción unha cósecha ao ano, e as de segunda e terceira en anos alternos con un ano de descanso. Os montes cerrados, que son de primeira calidade repártense cada 30 anos. E os abertos, que tamén de primeira calidade, cada 40 anos.

D) Que as calidades dos produtos son de primeira e de segunda e que non hai árbores frutais nin de outra especie. A medida usada é o ferrado de centeo, que consta de vinte varas casteláns; e que sembándose de trigo, leva tres cuartas partes de un ferrado, e sembrándoa de millo miúdo leva a cuarta parte dun ferrado desta especie.

E) Que dentro desta fegresía vinte mil cento vinte ferrados de centeo en sembradura. Mil quinientos de sembradura de sécano, cento vinte dos mesmo de primeira calidade, tres centos trinta de segunda e mil quinientos de terceira. Tamén haberá uns dez ferrados de hortalizas de primeira e segunda calidade por metade. Trinta ferrados de prados de regadío que son todos da primeira calidade, catorce da segunda e seis da terceira. Cincuenta ferrados de montes baixos pechados, todos de primeira calidade. Mil quinientos ferrados de montes abertos que son tamén de primeira calidade, e os catro mil ferrados restantes de monte inculto.

F) Respeto aos frutos que se cosechan nesta parroquia sinalan os seguintes: centeo, trigo, milo miúdo, verzas e outras legumes. A maioría das terras e sembrada de trigo o primeiro ano, ao seguinte de centeo, e ao terceiro de millo miúdo.

G) Sinalan que o valor de cada ferrado de trigo é de cinco reais, o de centeo de catro, o de millo miúdo dous. O carro de herba seca vale doce reais e o de broza a real e medio. Cada libra de cera, que se compón de dez onzas, un ano con outro vale sete reais. Cada carneiro dos que se pagan por foro vale doce reais, cada galiña 2 reais, cada cuartillo de

manteca dous e medio, o cuartillo de mel, real e medio, cada par de capóns seis reais e cada porca doce reais. Tamén se pagan as rendas en lan, manteiga, mel, cera, años, cabritos, carne salada de porco como décimo. Deste o párroco recibe a metade e a outra metade o mosteiro de Monfero. Din os peritos que o importe do décimo, recibido polo párroco, será duns trinta reais de vellón ao ano.

H) Enumeran os muíños existentes na parroquia, que son os que seguen: Un Estremil, propiedade de Domingo de Carballeira e outros herdeiros que moe catro meses ao ano. Outro muíño no lugar do Vilariño, pertence a Álvaro López e demais herdeiros, que moe catro meses no ano. Outro no Porto Muíño, pertecente a Estebo de Jove e consortes. Un Muíño no lugar do Portelo, propiedade de Felipe de Rosende. Outro no lugar de Campoverde que é propiedade de Antonio del Río e outros herdeiros. Outro no mesmo lugar e que era propiedade de Lourenzo de Arriba. Tamén había un en Xiá que era propiedade de Antonio de Campoverde e outros socios, o cal moe seis meses ao ano. E, por fin outro en Xestoselo, propiedade de Vicente Tejido, que moe catro meses ao ano. Foto doutro muíño

I) Tamén dan conta que nesta parroquia 201 colmeas, correspondentes en número desigual a case todos os veciños. A Confradía da Virxe do Carmio ten 2, Confradía do Rosario ten 3 e 11 a Confradía do Santísimo. Como animais hai: bois, vacas, becerros, becerras, egoas, cabalos, poltros e potrancas, ovellas carneiros, años, cabras, machos cabríos, porcos, galiñas, etc... sendo propiedade de cada familia e non os hai comunais.

L) Din que hai 97 casas habitadas, tamén hai algunhas valeiras xa que os seus propietarios viven noutras parroquias, e que entre todas pagan ao ano de impostos ordinarios e extraordinarios 172 reais, que se ingresan na cidade de Betanzos. Na parroquia so hai unha taberna dependente da Renda Provincial e que está a cargo de Xacobe de Rosende. Tamén había un pequeno estanco, atendido por Domingo Paz en Corvite de Abaixo. Non existe na parroquia ningún hospital ou calquer outra clase de establecemento. Hai un arriero que se chama Xosé Martínez con dous cabalos, e que en datos no ano vai buscar viño ao Ribeiro. Hai dous zoquiros, tres xastres e 2 ferreiro que comparten coas tarefas de labradores. En canto aos arrendamentos fanse do seguinte xeito: polas terras de labradío págase a cuarta parte dos froitos que producen. Polos montes págase a quinta parte e non outra clase de arrendamentos.

## **Índice por orde alfabético de nomes dos veciños de O Buriz**

### **a. Libro de clérigos**

ANTONIO CORTÉS, párroco de 60 anos, vive nunha casa de baixo e piso na Graña. Tiña 60 anos, tiña un criado e unha criada.

ANTONIO CIBREIRO, vivía nunha casa de planta alta en Corvite de Arriba: Tiña naquela data 44 anos e vivía cunha sobriña, dous sobriños e un criado.

XOSÉ MARTÍNEZ, vive na Graña na casa do Párroco.

MIGUEL PAZ, é veciño do barrio do Forno, a súa casa e de planta alta eestán a vivir con el: Domingo Novo, unha sobriña e dúas criadas.

Fray RICARDO BARROS, monxe e prior da Granxa dos Carrís. Vive nunha casa de dous andares de 16 varas de fronte. Están con el tres criados de mais de 18 anos, un menor e tres criadas.

Sumaba a poboación de clérigos e persoas ao seu servicio 22 persoas.

### **b. Libro de leigos**

ANTONIO FRAGA unha casa baixa nas Penas.  
ANTONIO Balsa, unha casa baixa na Costeira.  
ANDRÉS DOS VILARES, vecino de Parga.  
AGUSTÍN PAZ  
ANTONIO DO SOUTO, unha casa baixa en Saa.  
ANTONIA PIÑEIRA, unha casa baixa no Sandiño.  
ANTONIO DE CAMPOVERDE, unha casa baixa en Xiá.  
ALVARO LÓPEZ, unha casa baixa no Vilarinho.  
ANTONIO DÍAZ, unha casa baixa nas Seixas.  
ANTONIO DEL RÍO, unha casa baixa en Campoverde.  
ANDRÉS DA COMBA, unha casa baixa en Corvite.  
ANTONIO RAMOS vecino de Os Vilares.  
ANTONIO CEBREIRO, unha casa baixa nas Penas.  
ANDRÉS DE ANSEDE  
ANDRÉS RODRÍGUEZ, unha casa baixa en Teitolongo.  
ANDRÉS DÍAZ, unha casa baixa en Saa.  
ANDRÉS CEBREIRO, unha casa baixa en Xiá.  
ANTONIO RODRÍGUEZ, unha casa baixa na Pedreira.  
ANDRÉS CARVALLEIRA, unha casa baixa nos Vidueiros.  
ANDRÉS PAZ, unha casa baixa no Penedo.  
ANTONIO LÓPEZ, unha casa baixa na Forxa.  
ANTONIO PAZ, veciño de Labrada.  
ANDRÉS FEIJÓO, veciño de Parga.  
BERNAVÉ VILLAR, unha casa baixa en Xestoselo.  
BAPTISTA DIAZ, vecino de Labrada, unha casa baixa en San Cibrao.  
BONIFACIO DE LEA.  
BERNARDO DE CORDAL, veciño de Cazás, unha casa baixa no Forno.  
DOMINGO CARBALLEIRA, unha casa alta nos Bidueiros.  
DOMINGO PAZ, unha casa alta en Corvite de Abaixo.  
DOMINGO DÍAZ, unha casa baixa na Graña.  
DOMINGO DE COMBA, unha casa baixa en Carelo.  
DOMINGO QUIEIJÁ, unha casa baixa en As Mezoiras.  
DOMINGO DA Balsa, unha casa alta na Coba.  
DOMINGO PAZ, unha casa alta na Fontecribo.  
DOMINGO MORADO, unha casa baixa en Carelo de Abaixo.  
DONA DOMINGA DE LAGO, veciña de Betanzos, unha casa alta en As Mezoiras.  
DOMINGO DE VILLAR, unha casa baixa en As Mezoiras.  
DIONISIO LÓPEZ unha casa baixa en Galiñeiro.  
DOMINGA CARVALLEIRA unha casa baixa no Penedo.  
DOMINGO FERREIRO, vecino de Belesar.  
ESTEVAN GARCÍA DE JOBE, unha casa alta en Bostelo.  
FRANCISCO LÓPEZ, unha casa baixa na Pedreira.  
FRUCTUOSA RODRÍGUEZ, unha casa baixa en Seixas.  
FRANCISCO FRAGA, da Abeleira  
FRANCISCO GARCÍA, do Forno  
FRANCISCO DE PRADO unha casa baixa na Lagoa  
FRANCISCO REGO, unha casa baixa en Rebordelo.  
FRANCISCO DE POSADA, unha casa baixa en Campoverde.  
FRANCISCO RODRIGUEZ, da Forxa.  
FELIX DOS CAINZOS, unha casa baixa en Xiá

IGNACIO SEIJAS, unha casa baixa na Lagoa.  
IGNACIO LEA, unha casa baixa en Bostelo.  
ISIDORO RIVAS, unha casa baixa na Abeleira.  
JOSEPH DOS VILARES, unha casa baixa en Campoverde.  
JOSEPH DE CASTRO, unha casa baixa no Sandiño.  
JOACHIN DAS LOBEIRAS, unha casa baixa na Lagoa.  
JUAN DE PAZ, unha casa baixa en Sandiño.  
JACOB DE ROSENDE, unha casa alta na Lagoa.  
JORGE PAZ, unha casa baixa en Bostelo.  
JUAN GÓMEZ, unha casa alta no Buriz.  
JOSEPH PAZ, unha casa baixa en As Mezoiras.  
JOSEPH ANTONIO MARTÍNEZ unha casa alta na Maciñeira.  
JOSEPH DÍAZ RULO, unha casa baixa en Lea.  
JOSEPH RULO, como tutor de menores ten outro terreo no Sandiño.  
JOSEPH GONZÁLEZ, unha casa alta na Fontecribo.  
JOSEPH DE BERNARDO, unha casa baixa en Pedreira.  
JUAN DE VILLAR, unha casa baixa en ¿?  
JUAN DE RIVAS, unha casa baixa en Corvite de Arriba  
JUAN GARCÍA, unha casa baixa en As Mezoiras.  
JUAN MARTÍNEZ, vecino de Belesar, unha casa baixa en Corvite Abaixo.  
JUAN DE VILLAR, unha casa baixa en Rodeiro.  
JOSEPH PAZ, unha casa alta en Corvite de Arriba.  
JOACHIN LÓPEZ, unha casa baixa en Xestoselo.  
JOSEPH DE CASTRO, unha casa baixa en Campoverde.  
JOSEPH PRIETO, unha casa baixa en As Mezoiras.  
JOSEPH LÓPEZ, veciña de Os Vilares de Parga, unha casa baixa na Abeleira.  
JUAN CALVO, vecino de San Vicente de Os Villares, unha casa baixa na Abeleira.  
JUAN LÓPEZ, veciño de Roca, unha casa alta na Abeleira.  
JUAN BAPTISTA DÍAZ, unha casa baixa en Xiá.  
JOSEPH DIAZ DE CASTRO, unha casa baixa en Xiá.  
LORENZO DE RIVAS, unha casa alta nas Teixoeiras.  
LUCAS PAZ, unha casa baixa no Buriz.  
LORENZO CALVO, unha casa alta en Sancibrao.  
LORENZO CALVO, unha casa baixa en Campoverde.  
LORENZO CAINZOS, unha casa baixa na Baqueriza.  
LORENZO CALBO, unha casa baixa no Penediño.  
MIGUEL MORADO, unha casa baixa no Vilariño.  
MIGUEL DE CORDAL, unha casa baixa na Mouteira.  
MANUEL CARVALLEIRA, unha casa baixa en Riotorto.  
MARIA RODRÍGUEZ, unha casa baixa en Riotorto.  
MATHEO GANZÁLEZ, unha casa alta en Sancibrao.  
MARÍA THOME, unha casa baixa na Graña.  
MARÍA DE RIVEIRA, unha casa baixa na Graña.  
MIGUEL DA GRAÑA, veciño de Labrada.  
MANUEL DE OUTEIRO, veciño da Viña.  
MIGUEL CALVO, veciño de Parga.  
NICOLÁS MARTÍNEZ, unha casa baixa en Fontecribo Abeleira e Forno.  
NICOLÁS MARTÍNEZ, unha casa alta na Abeleira.  
NICOLÁS DE CAMPO, unha casa baixa na Abeleira.  
PH°. ROSENDE, unha casa baixa no Portelo.

PH<sup>o</sup>. PAZ, unha casa baixa no Toxiño.  
 PH<sup>o</sup>. GONZÁLEZ, unha casa baixa en Rebordelo.  
 PEDRO DE CASTRO, unha casa baixa na Fontecribo.  
 PEDRO DE QUEIJA, unha casa alta na Costeira.  
 PASQUAL DE RIVAS  
 PEDRO DE VALSA, unha casa baixa na Pedreira  
 PEDRO DE JOBE, unha casa alta en Rosende.  
 PEDRO DE MORANDELA, veciño de ¿?  
 PEDRO PAZ, veciño de Labrada, unha casa baixa en Xiá.  
 PEDRO DO THOME, veciño de Parga  
 PATRICIO FERNANDEZ, unha casa alta en Riotorto.  
 PEDRO DE BERNARDO, unha casa alta na Bacariza.  
 PETRONILA DIAZ, unha casa baixa na Graña.  
 PEDRO MARTÍNEZ, unha casa alta na Fontevella.  
 ROSENDO DO COUTO, vecino de Blesar, unha casa baixa en Sancibrao.  
 SANTIAGO LÓPEZ, veciño de Parga  
 VICENTE TEIJIDO, unha casa baixa en Xestoselo.  
 VITORIO DE JOBE, unha casa baixa en en Bostelo.  
 VITORIO DAS FILGUEIRAS, veciño de Labrada

As casas eran na súa maioría de planta baixa unhas ochenta e tantas, e entono a 20 tiñan un pequeno piso. Foto casa de palanta baixa. Nas casas de planta baixa entraba polo alprende que tiñan diante da porta, que era única, pasábase o estrabo ou corte de diante, donde había vacas. Separada por unhas chantas estba a cociña, onde había un rincón apartado que tiña unha cama, que chamaban a alcoba e alí nacián e deitabense os nenos pequenos. Para o outro lado de estrabo estaba a corte que chamaban de baixo e masi os cortellos dos porcos e becerros. En riba desta corta había unha un salón, por así chámalo que chaban barrela e alí estaban as outras comas onde dormía o resto da xente. As casa de palnta alta tiñan un cuarto, con dúas véntanas e a función era a de facer de dormitorio e lugar das uchas donde gardaba a roupa e algunhas veces o trigo. A esta estrutura fóronse engadindo edificacións arredor que se chamaban o arrimo. Foto da casa de planta alta. Como podemos comprobaor por esta documentación a maioría das casa da nosa parroquia eran pobres e pequenas.

As casas de O Buríz deron un gran cambio no século XX. Podemos situar astrsformacións en tres momentos. Na década dos anos vinte reedicouse un peque número de fogares. Na década do sesenta a maioría das casas foron arraxadas tanto no exterior como no interior. E as últimas décadas do século vinte, que se caracteriza por unha gran transformación interior e adementamento externo. Foto da Casa do pedrazón de comezos do século XX

Entre os canteiros da parroquia que traballaron con maestría na pedra e, mais tarde con ladrillo e o cemento, están Xosé Pena da Lagoa, Antonio Carreira da Canteira, Hilario Calvo da Cancela e Amador Tejjido de Xestoselo, cuxas construcións son de doado recoñecemento.

No número de veciños por aldea tamén é significativo con respecto a hoxe. Algunos barrios desapareceron e outros cambiaron notablemente o seu número de habitantes. Velaquí o resumen de mais a menos:

ABELEIRA	7
XIA	6

MEZOIRAS	6
CAMPOVERDE	5
A GRAÑA	5
CORVITE DE ARRIBA	5
SANCIBRAO	4
SAA	4
BOSTELO	4
LAGOA	4
SANDIÑO	4
FONTECRIBO	4
XESTOSELO	3
FORNO	4
PEDREIRA	3
RIORTORTO	3
PENAS	3
COSTEIRA	2
VILARIÑO	2
SEIXAS	2
BIDUEIROS	2
PENEDO	2
FORXA	2
CORVITE ABAIXO	2
CARELO	2
REBORDELO	2
BURIZ	2
BAQUERIZA	2
TEITOLONGO	1
GALIÑEIRO	1
MACIÑEIRA	1
RODEIRO	1
TEIXOEIRAS	1
TOXIÑO	1
PORTELO	1
PENEDIÑO	1
MOUTEIRA	1